

ENTREVISTA A ANTÓN RIVEIRO COELLO

O pasado luns 15 de xaneiro de 2007, o escritor Antón Riveiro Coello visitou o I.E.S. da Pobra do Caramiñal. Estas son algunhas das moitas preguntas que tivo que contestar, e as respostas que nos deixou.

Pregunta. Que autores e xéneros che gusta ler?

Antón Riveiro Coello. Eu non leo autores, leo obras. Non escollo os libros segundo o seu autor, simplemente escollo unha obra e comezo a lela, se me gusta remátoa pero se chega a un punto no que algo non me agrada, deixo de ler e acabo regalándolle o libro a alguén.

P. Pódese actualmente vivir ben da escritura?

A.R.C. A min gustaríame vivir do que escribo, pero na literatura galega é moi complicado facelo. Non sei se alguén poderá vivir diso, quizais xente como Suso de Toro ou Manuel Rivas, mais non é só da literatura que viven, senón das colaboracións xornalísticas. Por iso o resto dos escritores galegos temos que buscar outro traballo, sinxelamente porque non hai lectores suficientes. Por exemplo, de “As rulas de Bakunin” vai saír a quinta edición, iso significa 12.000 libros en total, dos cales o autor só recibe un 10% en concepto de dereitos de autor, e iso é xa un grande éxito na literatura galega.

P. Por que ese trágico e repentino desenlace de “A quinta de Saler”?

A.R.C. Máis que nada por présa, non sabía como rematalo e nese momento pareceume un bo final. Se hoxe volvera a escribilo remataríao doutra forma. Era unha boa idea, pero se tivera que facelo agora sería moito máis longo, cousa que a vós non vos convén (risas).

P. Cando e como comezaches a escribir?

A.R.C. Sempre tiven facilidade para escribir e para poñerlle letras ás cancións. Cando comecei a escribirlle cartas á que agora é a miña muller, díxome que o facía moi ben. Máis tarde, un amigo meu animoume a presentarme a un concurso. Presentei dous dos meus relatos: un co meu nome e outro co do meu amigo. Un día chamaron para dicir que o relato do meu amigo gañara o concurso e fun no seu nome recoller o meu premio. Que o relato fose escollido de entre tantos e por algúns bos escritores de prestixio animoume a seguir escribindo, a parte dos cartos, por suposto.

P. Que opinas dos altos prezos dos libros?

A.R.C. Penso que todo o relacionado coa cultura debería ser gratis ou estar subvencionado, aínda que se me din que eu vou recibir certa cantidade de cartos por cada vez que alguén colla prestada algunha das miñas obras na biblioteca, estaría encantado.

P. En que te inspiras para escribir as túas obras?

A.R.C. A miúdo, á hora de escribir inspírome en anécdotas ou feitos que me sucederon a min mesmo, como por exemplo con “As Rulas de Bakunin” (o personaxe do Lambeconas xurdiu logo dunha equívoca e rocambolesca visita a un puticlube) ou “Casas Baratas” (eu mesmo de pequeno vivía nunha desas casas).

P. Cal é o teu método de escritura?

A.R.C. Cando comezo unha obra, encérrome a escribir até rematala. Pero é certo que os seis meses antes de escribir convírtome nun lector compulsivo, e non deixo de devorar libros.

Nuria Dorado Martínez

Tamara Fariña Sanisidro

Marta Riveiro Abal